

EDUCACION FINANCEIRA

Materias de libre configuración, optativa en 2º ESO

1. Obxetivos da materia.

A introdución dunha materia de contido económico-financeiro persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia de adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas acadaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previren o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

As persoas ao longo da súa vida teñen que enfrontarse a decisións financeiras nun contorno cada vez máis dinámico e complexo, motivo polo cal deben ampliar a súa cultura financeira, obxectivo último da presente materia.

Esta materia de Educación Financeira inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira.

Obxectivos xerais da materia

- Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía financeira.
- Adquirir coñecementos e habilidades e fomentar actitudes respecto da utilización do diñeiro.
- Fomentar o aforro e o control do gasto.
- Aprender a elaborar e levar o seguimento dun orzamento ou plan financeiro personalizado que nos permita alcanzar un maior grado de liberdade financeira.
- Aprender a manexar con efectividade os asuntos financeiros ao longo da vida.
- Ler, entender e comprender, antes de asinar, os documentos que nos presentan os bancos.
- Coñecer as recomendacións sobre seguridade cando se opere coa banca.
- Valorar que os cartos non son un fin senón un medio para cubrir as necesidades.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A materia contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3. Contidos e bloques.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques. **O primeiro** fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento; **o segundo** céntrase na planificación financeira persoal e familiar e, finalmente, **o terceiro** trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

4. Metodoloxía

Hai que ter en conta que se trata dunha materia nova para o alumnado. Aínda que en outras materias, como Sociais ou en Matemáticas, xa estudaran algún aspecto económico e financeiro e que os medios de comunicación empreguen unha parte importante de espazo e de tempo para dar informacións económicas, os coñecementos previos son escasos e, frecuentemente, carentes de contido.

A análise económica e financeira utiliza unha linguaxe específica e precisa que non sempre se fai accesible ás persoas non iniciadas. A terminoloxía, que noutras materias se leva construíndo ao longo de varios cursos, debe ser tida en conta dun xeito especial, ben polo seu descoñecemento ou ben polas ideas previas que os alumnos poidan ter.

A metodoloxía a empregar será activa, para favorecer a capacidade dos alumnos de aprender por eles mesmos.

5. Criterios sobre a avaliación. (calificación)

- **Probas escritas:** Realizarase a lo menos dúas probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación. As cuestións teóricas serán preguntas curtas ou tipo test

- Actividades do alumnado:

Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar un mapa conceptual e exercicios sobre os contidos estudados e presentalos ó profesor para a súa corrección e avaliación. Ademais podrán realizar outras actividades como resolución de problemas, análise de noticias de actualidade.

- **Seguimento diario en clase:** Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa participación activa na clase, asistencia e puntualidade, a actitude na aula, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), a realización das tarefas propostas, o uso ordenado do material entregado, a orde, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora e cumprir as normas de convivencia.